

# PAREMOS OS ATAQUES CONTRA O GALEGO!

**19 DE ABRIL,  
FOLGA ESTUDANTIL NO ENSINO MEDIO**

**#19Aestudantespologalego**

A Mesa e a súa sección xuvenil, a Mocidade pola Normalización Lingüística, xunto coas organizacións estudiantís Comités, Liga Estudiantil Galega e Sindicato de Estudantes, chamamos o alumnado de ensino medio de toda Galiza a unha xornada de folga o vindeiro 19 de abril. **Paremos as aulas para pararmos os ataques contra o galego!. Porque:**

- En tres anos, o goberno de Feijóo non impulsou **nin unha soa medida** positiva para a nosa lingua propia. Todas as súas medidas en política lingüística foron recortes, retrocesos, eliminación de medidas, etc., só para contentar determinados dirixentes do PP.
- O actual decreto ten como único obxectivo **reducir á mínima expresión** o noso idioma nas aulas. É, como xa denunciámos moitas veces, un **decretazo contra o galego**.
- Galiza é o único territorio do Estado español con lingua propia en cuxo sistema educativo **está prohibido** impartir determinadas materias no idioma de seu: no noso caso, **Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía**. A pesar da crise, a Xunta gastou nestes últimos anos varios millóns de € en destruír libros de texto destas materias porque estaban en galego.
- Nunca tantas **agresións** padeceron os **equipos de normalización** e dinamización lingüística dos centros como neste tempo: recortáronlles brutalmente o seu orzamento e o actual decreto mesmo chegou a **suprimir** a palabra **normalización**.
- En moitos centros de ensino, a introdución da terceira lingua (normalmente, o inglés) está a **servir como coartada** para **reducir**, aínda máis, a presenza do galego.
- En dous anos, comprobamos como a introdución do decretazo fixo que o **número de horas semanais** impartidas en galego está arredor do **20%**. Moi por baixo do límite legal (50-33%, dependendo da introdución da lingua estranxeira).
- A situación é especialmente **preocupante** en moitos **ciclos formativos** ou nas **ensinanzas artísticas e especiais**, onde nin tan sequera existen materiais didácticos en galego.

Chamámoste a **parar as aulas o 19 de abril** como un xesto de compromiso e responsabilidade co galego no ensino, para que a nosa lingua exista e teña futuro. Chamámoste á folga con independencia de cal sexa a lingua que uses no teu día a día, sabendo que fales o que fales queres que o noso idioma siga a avanzar e non esmoreza. Porque **aprendermos en galego** é un dereito. **É o noso dereito!** O de tod@s!

**+info:** [www.amesanl.org/mocidade](http://www.amesanl.org/mocidade) e **no correo:** [mocidade@amesanl.org](mailto:mocidade@amesanl.org)

CONVOCAN:

